

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa, celébrase ao amparo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, execución, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación do presente convenio, deberán liquidarse de mutuo acordo das partes. No suposto de cuestións litixiosas que non fosen solucionadas, estas serán sometidas á orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

Undécima. Publicidade e transparencia

Este convenio publicarase no Boletín Oficial do Estado e inscribirase no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación, de acordo co disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, publicarase no Portal de Transparencia do Goberno de España, de acordo co establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE do 10 de decembro).

Este convenio publicarase, de acordo co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 de Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Duodécima. Protección de datos

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas ao que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como polas disposicións vixentes sobre a materia.

Os/as titulares dos datos persoais que sexan obxecto de tratamento, en virtude do presente convenio, poderán exercer os dereitos previstos na lexislación aplicable nas correspondentes direccións das entidades asinantes.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan publicarse no Portal de Transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo terceira. Relación entre as partes

A sinatura do presente convenio non supón relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e as entidades que o asinan, de tal forma que non se lles poida esixir responsabilidade ningunha, directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución de presidencia en data 15 de setembro de 2025.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

O CONSELLEIRO MAIOR DO
CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA

Asdo. Valentín González Formoso

Asdo. Juan Carlos Aladro Fernández

O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo. Miguel Iglesias Martínez



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Consello de Contas
de Galicia



Número 80 /2025

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO CONGRESO 1985 – 2025 “40 ANOS DE BASES DE RÉXIME LOCAL E DO CONTROL EXTERNO LOCAL EN GALICIA”

No Palacio Provincial, sede da Excma. Deputación Provincial da Coruña, a 15 de setembro de 2025.

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

O Consello de Contas de Galicia (en diante CCG), con domicilio na Rúa Domingo Fontán, 7 - 15702 Santiago de Compostela, CIF: S-6500010-A, e no seu nome e representación, de acordo co disposto no artigo 8.4.a) da Lei de Galicia 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e expresamente facultado, don Juan Carlos Aladro Fernández, na súa calidade de Conselleiro Maior.

Doutra, pola Deputación Provincial da Coruña o Ilmo. Sr. D. Valentín González Formoso, en calidade de Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, en virtude de nomeamento efectuado polo pleno da Deputación Provincial da Coruña na sesión plenaria constitutiva efectuada o 18 de xullo de 2023, actuando no seu nome e representación, con CIF nº P1500000C, segundo o disposto no art. 34.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, e art. 61.11 do R.D. 2.568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Interveñen en virtude das competencias que cada un ten e mutuamente se recoñecen, e

EXPOÑEN

1.- Que o Consello de Contas de Galicia é o órgano estatutario de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financeira e contable do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Como órgano estatutario que depende do Parlamento de Galicia, exerce as súas funcións con plena independencia e sometemento ao ordenamento xurídico, tal e como sinala o artigo 1 da súa lei reguladora.

2.- O Consello de Contas de Galicia conmemora neste ano 2025 os 40 anos da Lei de creación do control externo independente de Galicia - Lei 6/1985, do 23 de xuño, do Consello de Contas -, coincidente no tempo cos corenta anos da aprobación da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local.

Con ocasión deste aniversario, o Consello de Contas decidiu impulsar un foro de diálogo e debate que reúna á representación da administración local, nas súas múltiples vertentes e protagonistas, para facer balance e marcar as liñas dos retos pendentes para as próximas xeracións da xestión pública local.

Para iso preténdese a organización dun congreso de ámbito nacional, que nace cunha vocación de configurarse como un foro de diálogo aberto e con vocación de permanencia entre o mundo e a xestión local práctica, o control interno e externo e a comunidade académica.

3.- Que a Deputación da Coruña asume entre as súas funcións e compromisos a realización de actividades formativas como canle esencial para conseguir a modernización e mellora do noso servizo á cidadanía mediante a procura do desenvolvemento persoal e profesional dos empregados públicos das entidades locais da provincia

4.- Que ambas as dúas institucións consideran que a colaboración na organización da celebración do CONGRESO 1985 – 2025 “40 ANOS DE BASES DE RÉXIME LOCAL E DO CONTROL EXTERNO LOCAL EN GALICIA” contribúe, á difusión e exposición das actuacións que en cumprimento das competencias normativas teñen encomendadas.

5. Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo, divulgador e investigador a través do presente convenio.

En virtude do exposto e recoñecéndose ambas as dúas partes na representación que teñen capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer o contido da colaboración que no ano 2025 se articulará entre o Consello de Contas e a Deputación Provincial da Coruña para a celebración do Congreso 1985 - 2025 “40 Anos de Bases de Réxime Local e do Control Externo Local en Galicia”, que terá lugar os días 15 e 16 de setembro no Palacio de Exposicións e Congresos da cidade da Coruña.

Segunda. Organización e coordinación das actividades

O Consello de Contas asume a xestión organizativa das actividades que se desenvolvan no ámbito deste convenio.

A Deputación Provincial da Coruña, pola súa banda, colaborará no deseño e programación das actuacións que se soliciten e asumirá os labores de intermediación para a efectiva realización dos obxectivos do presente convenio.

Igualmente, asumirá os gastos das actividades e actuacións que se definen na cláusula quinta do presente convenio.

Terceira. Comité Técnico Organizador

Para o desenvolvemento e organización do Congreso nomearase un Comité Técnico Organizador que estará formado paritariamente por membros designados por parte do Consello de Contas e da Deputación da Coruña.

O Comité Técnico Organizador seleccionará os relatorios que serán obxecto de presentación no Congreso entre os presentados, tendo en conta aspectos como o interese, a novidade, ou a súa aplicación práctica. No entanto, aqueles que se consideren pertinentes incorporaranse, xunto cos seleccionados, á publicación posterior conmemorativa do Congreso.

Cuarta. Contido do Congreso

O congreso reunirá a un grupo de relatores destacados, recoñecidos pola súa traxectoria e achegas en distintos ámbitos, na procura de ofrecer un equilibrio entre o coñecemento académico, a práctica profesional e a innovación.

A temática principal que se abordará durante o Congreso será a seguinte:

1. O debate sobre a distribución competencial en 2025.
2. O financiamento dunha nova administración local.
3. Xestión colaborativa de servizos e o papel dos gobernos intermedios.
4. Os retos do control interno local: a auditoría pública no horizonte.
5. O control externo local e o papel de colaboración.
6. Transformación da xestión pública local: integridade, novas ferramentas e capital humano.

Quinta. Compromisos das partes e financiamento

- a) O Consello de Contas comprométese a asumir a xestión organizativa das actividades que se desenvolvan no Congreso e en particular: Xestión da páxina web do Congreso e do proceso de inscricións.
- b) Asumir a xestión relativa a desprazamentos e aloxamentos dos relatores, asumir os gastos derivados da devandita xestión, así como os custes asociados á participación dos relatores no Congreso.
- c) Asumir os gastos derivados do arrendamento das instalacións (salas e espazos) do lugar de celebración do Congreso, así como os gastos derivados dos servizos relacionados coa súa organización como poden ser os de conexións de rede, equipamento audiovisual e servizos de colaboración e asistencia a participantes.

O Consello de Contas asumirá uns gastos por un importe máximo de 40.428,89€, que se imputan á aplicación orzamentaria 02.01.111C.640 con cargo aos orzamentos do Consello para a anualidade 2025, donde existe crédito axeitado e suficiente.

Pola súa banda, a Deputación Provincial da Coruña como colaboradora na organización, asumirá o financiamento directo dos gastos derivados das seguintes actividades:

- a) Gastos derivados do café de media mañá (coffee break) dos días 15 e 16 de setembro: o importe segundo o cálculo efectuado para 200 estímase en 3.520,00 euros, o citado importe pode variar en función das persoas asistentes ao Congreso.
- b) Gastos do cáterin g da comida/cóctel prevista para o día 15 de setembro no lugar de celebración do congreso, o importe segundo o cálculo efectuado para 200 inscricións ascendería a 7.172,00 euros, o citado importe pode variar en función das persoas asistentes ao Congreso.
- c) Gastos derivados da difusión publicitaria do Congreso en medios de comunicación que se especifiquen no Plan de comunicación.
- d) Gastos derivados da colaboración externa ao comité organizador do Congreso, ata un máximo de 3.500,00 euros.

Os gastos que asuma a Deputación imputarase con cargo ao crédito consignado na aplicación orzamentaria 0230- 93123- 22606 do vixente orzamento 2025 da Deputación Provincial da Coruña

A Deputación colaborará de igual forma no deseño e impresión da memoria conmemorativa do Congreso na que se incluírán os relatorios presentados e seleccionados.

Sexta. Acreditación da asistencia ao Congreso

A asistencia e participación no Congreso acreditarase por medio da expedición de diplomas ou certificacións, que serán expedidos conxuntamente polas dúas institucións organizadoras.

Sétima. Vixencia e eficacia do Convenio

O presente CONVENIO unha vez formalizado, entrará en vigor dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31/12/2025.

Oitava. Colaboración institucional

Tanto a Deputación Provincial da Coruña como o Consello de Contas, comprométese á utilización conxunta dos resultados que se poidan derivar da celebración do congreso, así como a manter e intensificar a vixente vía de colaboración institucional entre ambas as dúas entidades coa intención de favorecer a efectiva realización das actuacións definidas nestas cláusulas, tratando de mellorar así a eficacia da xestión pública, e en xeral, para o fomento da colaboración mutua naqueles asuntos que se estime de interese e relevancia para a consecución dos obxectivos marcados no marco formativo ou calquera outra que se estime conveniente.

Novena. Modificación e extinción do convenio

Este convenio poderá modificarse por acordo unánime das partes a través da subscrición da correspondente addenda modificativa.

Este convenio extinguirase polo cumprimento ao longo do 2025 das actuacións que constitúen o seu obxecto e o pagamento dos correspondentes gastos ou por incurrir en causa de resolución.

Serán causas de resolución do convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Imposibilidade sobrevinda de cumprimento do obxecto do convenio.
- f) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

A resolución do convenio non afectará á finalización das actividades que estivesen en execución, que deberán realizarse no prazo improrrogable fixado no convenio.

Décima. Natureza e réxime xurídico do convenio